

O RETABLO DA CAPELA MAIOR

Case seguro que foi neses primeiros anos do S XVIII cando os marqueses decidiron anovar o retablo maior, ben porque tivese falta porque estivese moi vello e danado o anterior, ben porque quixesen subliñar o seu novo título e status. É moi evidente a similitude entre este retablo e as obras de frei Gabriel Casas e Fernando Casas Novoa no emprego da decoración de froitos na parte superior das pilastras do claustro da catedral de Lugo, con Domingo de Andrade no mesmo emprego de froitos nas pilastras da sancristía e con Miguel Romay nas carnosas curvas da améndoa que arrodea a imaxe da Virxe dos Ollos Grandes, todo na mesma catedral.

O retablo, feito en madeira policromada e dourada, consta dun banco ou predela, un corpo central e un ático. O seu deseño é moi propio do seu tempo e presenta unha gran calidade e unha gran riqueza decorativa⁸⁸.

– O banco ten unhas ménsulas con grandes follas carnosas, con moito volume e cunha flor na parte de enriba, e son a base sobre da que se erguen catro columnas salomónicas que dividen as tres rúas que conforman o corpo central. Entre medias das ménsulas, no medio da parte baixa das rúas laterais, tamén hai outros dous grandes motivos decorativos xeométricos e vexetais de moito volume que veñen sendo as ménsulas sobre das que vai a cornixa e as fornaciñas inferiores das rúas laterais. Na parte inferior de todas estas pezas hai motivos frutais e florais e é digno de salientar que os froitos que se representan eran moi exóticos naquel tempo pois son americanos e tropicais ademais dunhas que semellan ser granadas, que se dan no sur da península e tiveran un significado especial para os últimos monarcas Trastámara polo conxuramento do reino do seu nome. As outras froitas semella que se poden identificar con papayas as que imitan ás peras, as guayabas, as que semellan granadas pero teñen un óso dentro, e quizais outras que vemos pechadas e que poden ser maracuyás, que se chaman tamén froita da Paixón e que os dominicos empregaban en América para explicar ós indíxenas cousas da relixión católica.

Tres ménsulas dun lado e tres do outro. No centro está o sagrario flanqueado por dúas columnas salomónicas a cada lado con outra no medio a xeito de columna que en realidade é un motivo que desenvolve en vertical temas que imitan formas vexetais con liñas curvas, lembrando as orellas rococós que na parte superior teñen unha folla con cinco boliñas. As columnas salomónicas teñen labrados motivos de pámpanos, acios de

88 Ver o estudo e informes de María Gavín Merlán e María Alejos Márquez.

uvas e paxaros. Entre medias disto e a ménsula base da columna salomónica do corpo medio aínda hai outros dous motivos de follas, unha flor e froitas. As froitas da parte inferior semellan papayas e tamén aparecen as boliñas e outras formas de pouco doada identificación porque están douradas e non temos a axuda da cor.

O marco da porta do sagrario está feito de volumes dispostos verticalmente a xeito de columna, máis alta que a porta, de xeito que na parte superior segue con decoración profusa cun gran tema central rematado nunha flor e acobillado baixo un arco. A porta do sagrario ten un relevo de San Xacinto de Polonia, freire dominico que cando a cidade de Kiev, na que vivía, foi invadida polos tártaros, colleu a custodia para poñela a seguro. Conta a lenda que a Virxe lle falou preguntándolle se a ela non a levaba e daquela San Xacinto colleuna e por iso está representado na porta como patrón que é do sagrario, levando na súa man dereita a custodia mentres que coa esquerda terma dunha imaxe da Virxe co neno. O fondo da porta é liso. Foi canonizado no ano 1594 e nomeado patrón de Polonia no 1688, o mesmo ano da creación do marquesado. O retablo semella recoller a actualidade, aínda se se data a principios do S. XVIII.

En cada extremo do banco hai un plinto sen decoración interior sobre do que se ergue unha pilastra no corpo medio ou central.

– No corpo central a verticalidade ven marcada polas pilastras que o delimitan nos extremos e por catro columnas salomónicas que dividen o espazo en tres rúas verticais.

As pilastras son moi chamativas, Teñen moita decoración soamente na metade superior, mais é diferente nas dúas. Na esquerda hai herbas e follas e aparecen -de arriba abaixo- dúas papayas, quizais unha papaya ou unha granada e debaixo unha guayaba mentres que na dereita hai dúas granadas ou papayas, un cacao e unha granada ou maracuyá ou guayaba. Non se pode saber de seguro pola falta das cores.

A rúa central ten unha única altura que é unha fornaciña grande, que cadra enriba do sagrario. Ós lados enmárcana unhas pilastras sen decoración na parte inferior e cunha decoración abundosa vexetal de follas e de froitos tropicais na parte superior, que veñen sendo semellantes ás dos extremos. Sobre delas o arco de medio punto ten o intradós liso e logo unha ringleira de boliñas a xeito de doas dun colar ou dun rosario. Nas enxutas hai temas vexetais e un acio de uvas de cada lado. Sobre disto unha peza rectangular de formas vexetais ondeantes e carnosas e no centro unha gran tarxa que chega ata a liña da cornixa superior. A tarxa ten

un motivo de formas xeométricas espirais na parte baixa e unha chea de follas que abren nun gran abano na parte superior.

Ás beiras destas pilastras, do arco e do rectángulo que ten a tarxa hai unha especie de columnas que non o son, senón que soamente fan o seu efecto e son un conxunto de feituradas e volumes ondeantes nos que hai follas e espirais... postos en vertical. Algo similar ó que se viu no sagrario. Arrincan na cornixa que separa o corpo medio da predela e chegan ata a cornixa que o separa do ático.

Ós dous lados hai sendas columnas salomónicas que apoian as basas de dobre moldura na cornixa e nas ménsulas da predela. Son máis baixas que as anteriores falsas columnas. Os fustes están labrados en amplos volumes e desenvolven os mesmos temas que as columniñas salomónicas do sagrario: pámpanos, acios de uvas e paxaros. Rematan en decorativos capiteis de orde corintia con dobre ringleira de follas de acanto e logo as volutas que fan os caulículos. Enriba hai unha cornixa cóncava e tres corpos superpostos, un a xeito de cimacio, un espazo decorado cunha guayaba (parece) e outro pequeno cimacio sobre do que vai a cornixa.

As rúas laterais teñen dúas fornaciñas en cada unha das rúas laterais, outras dúas columnas salomónicas, unha á dereita e outra á esquerda, e logo as pilastras das que xa se falou que enmarcan o conxunto.

Na fornaciña da rúa central acobíllase unha imaxe da Virxe da Nosa Señora do Rosario máis serodia, do século XIX, mentres que as rúas laterais están divididas horizontalmente en dúas partes e polo tanto hai catro fornaciñas pequenas.

A imaxe da Virxe do Rosario orixinal debía asemellarse a unha máis pequena que a actual que estaba nunha capela no Camiño Arriba que sería para poñer nun expositor o cal serviría para darlle aínda máis realce. Trátase dunha Virxe de pequeno formato, corpo lixeiramente ladeado cara a súa esquerda que ten a San Domingos ou un frade dominico axeonllado ó seus pés ó lado dereito. Márcase unha gran mancha diagonal de cor clara desde o branco do hábito do dominico ata a carne do neno pasando polo manto da Virxe. Como foi repintado non podemos afirmar se eran as cores orixinais.

O rosario está pendurado da man dereita da Virxe e cae por diante da cabeza do freire. A Virxe terma do seu fillo co brazo e a man esquerda. O neno presenta unha talla incorrecta na perna esquerda. A imaxe da Virxe leva coroa e ten manto branco e túnica vermella.

O fondo desta fornaciña central é de madeira pintada con tema floral en cores vermellas nas que identificamos o lirio ou flor de lis. O lirio, ou o seu esquema, a flor de lis é un símbolo moi dominico polos seus significados: poder, honor e soberanía e porque tamén é un símbolo mariano de lealtade, iluminación, pureza e excelencia. E é un símbolo real.

As outras catro fornaciñas teñen arco de medio punto pero a disposición é diferente xa que non todas son verdadeiras fornaciñas. Nas fornaciñas pequenas da parte inferior das rúas laterais os arcos teñen decoración lisa, logo de ovas ou doas e logo uns temas xeométricos e apoian sobre pilastras lisas. Nas enxutas hai uns triángulos e no centro de cada un dos dous arcos hai unha ménsula sobre da que está a cornixa que parte horizontalmente cada rúa en dúas partes.

Na fornaciña baixa da esquerda está a imaxe de San Francisco como home de mediana idade e moi barbado. Pode estar aquí debido a que era o santo fundador doutra orde mendicante e podería ser unha lembranza ó tempo no que o convento foi franciscano, e quizais deixando aberta a posibilidade por se acaso tornase a selo nalgún tempo. Está representado coa tonsura e co hábito franciscano cos tres nós que simbolizan a pobreza, a castidade e a obediencia. Os seus símbolos son, a cruz -que falta- na man dereita e o libro e sobre del a caveira, na man esquerda. O libro pode significar a regra da orde seráfica. Mira cara ó ceo e consegue un efecto de movemento. A basa ten aspecto de que son penas ou pedras. O fondo está pintado con flores que semellan de procedencia oriental, como as bordadas de Filipinas ou das porcelanas chinesas.

A fornaciña inferior da rúa da dereita ten a imaxe da Santo Tomás representado como un home máis novo, barbeado, con tonsura e con hábito dominicano. Foi fundamental como figura relixiosa e intelectual, un referente na orde. Na man dereita debeu ter unha pluma e na esquerda sostén unha igrexa en alusión a que é un dos seus doutores, e leva estrela no peito e tamén no centro da auréola. Está sobre dun pedestal que ten a flor de lis. Non se ve o fermoso reborde dourado da capa pois queda de costas.

O fondo tamén é floral e semella algunha flor exótica e o que semellan ser flores da amendoeira.

Na rúa da esquerda, na parte superior, unha imaxe de Santa Catarina de Siena enriba da fornaciña de San Francisco. Non é propiamente unha fornaciña senón un marco rectangular decorado con volumes carnosos que acobilla un sinxelo arco na parte superior. O pedestal da imaxe apoia na cornixa e acae xusto enriba da ménsula que está no centro do arco

da fornaciña inferior. Santa Catarina, 1347-1380 represéntase cunha cruz e flores ou cunha palma e flores na man dereita, e so con rosas ou termendo da cruz na esquerda ou cun libro na esquerda e coa cabeza cunha coroa de espiñas. O fondo é floral mais as cores están máis esvaídas e son de peor identificación.

Por enriba do marco vai unha moldura a xeito de pequena cornixa que se prolonga horizontalmente por riba dos primeiros cimacios que están enriba dos capiteis das columnas salomónicas. Sobre diso hai outro espazo con moita labra de follas e formas xeométricas e máis froitas americanas.

Na rúa lateral dereita, Santa Rosa de Lima. Santa Rosa e Santa Catarina foron freiras fundamentais nas ordes femininas da orde dominicana. Están representadas co hábito branco e o manto negro. Aquí teñen perdidos os seus sinais de identificación. No caso de Santa Rosa de Lima cómpre dicir que acae moi ben cos motivos decorativos do retablo e coa súa cronoloxía pois foi monxa dominica terciaria, 1586-1617, foi nomeada patroa do Perú en 1669 e de Filipinas no 1670. Represéntase con rosas e palma ou soamente con rosas na man dereita ou pode levar as dúas mans termendo da cruz. O seu tocado é unha coroa de rosas.

Non é moi doado diferencialas porque os seus símbolos están desaparecidos e ámbalas duas levan unha coroa de follas. Os fondos están pintados con motivos florais, pero moi esvaídos.

Os extremos do retablo deste corpo central enchen o espazo ata o muro con cadansúa pilastra con abondosa decoración de froitas e follas na parte superior a cada lado, pilastras que xa quedaron descritas.

– O ático remata na parte superior con ampla cornixa en varias fiadas alternando as lisas e as decoradas, que se vai axeitando ó perfil da bóveda de cruceiría polo que fai unhas entalladuras onde cadran os nervos diagonais da bóveda onde se desenvolven dous grandes temas decorativos e cunha gran cartela central, mais outros dous temas decorativos máis pequenos entre medias, todos eles de volumes carnosos de temas curvos e follas e con froitas nos máis grandes. Tamén está dividido en tres partes. Na central está San Domingos nunha fornaciña similar á da Virxe, en máis pequeno. O arco apoia en dúas pilastras decoradas con tema xeométrico. As enxutas, a parte interior e a superior do arco están moi labradas con grosos volumes. A ambos lados conforman un marco dúas aparentes columnas que son un conxunto de temas de follas curvas e espirais como as que hai nos outros dous corpos –o central e a predela– dispostas en vertical. Continúan os motivos na parte superior horizontal, sobre da que hai

outra gran tarxa que deixa no seu interior un espazo que non ten ningún motivo nin ningunha inscrición e que na parte superior encaixa no arco rampante central. Ós lados das aparentes columnas, unhas pilastras coa parte inferior sen decoración e a parte superior con profusa decoración de follas e froitas tropicais. A ambos lados outros motivos de follas e froitas que poden ser granadas, guayabas ou papayas e ós lados delas hai dous escudos embutidos entre formas xeométricas e froitas, o dos Andrade no lado do evanxeo e o dos Castro no da epístola. Os dos fundadores da casa, considerando tales a Rui Freire de Andrade e Isabel de Castro. Nos extremos ata a cornixa a cada lado hai unha figura espiral feita de distintos volumes, que remata como corno da abundancia polo que saen bólas que semellan froitas.

A imaxe central representa a San Domingos de idade madura, gasta barba e leva tonsura. Viste o hábito que é túnica e muceta brancos e o manto e o capuchón negros. Está dourado. Levaba báculo de abade (perdido) como superior da orde e libro en alusión á súa doutrina e misión de ensinar e predicar. O fondo da fornaciña ten pinturas florais de tipo oriental e entre as flores se pode identificar algún lirio

Son abondosos no retablo os motivos vexetais como son follas e rosáceas, mais tamén os pámpanos e acios de uvas que simbolizan o viño eucarístico e tamén o cacao, produto americano que xa consumían os freires naquel tempo. Salienta o enaltecemento da orde dominicana nas cinco imaxes elixidas, o enaltecemento do seu labor xeral ó través da decoración coa flor de lis, e o labor de espallamento en terras de oriente e occidente co innovador da lección de botánica así como a categoría deste retablo e das imaxes nun tempo no que San Sadurniño era un pequeno núcleo moi rural.

MARGARITA SÁNCHEZ YÁÑEZ
Historiadora
Ferrol